




Ciclo online

## MATERIAIS PARA O FUTURO

### Workshop: Materiais para o contract

Xoves, 22 de outubro de 2020. De 10.30 a 12.30 h



No marco do sector contract cobran especial relevancia os materiais que, polas súas propiedades, se poden empregar en arquitectura, mobiliario e decoración para habilitar espazos cun elevado nivel de tránsito de persoas, garantindo o cumprimento de normativas específicas segundo o tipo de contorna.

Neste workshop online, profesionais procedentes de varias empresas e centros de investigación galegos presentarán materiais capaces de compatibilizar os criterios de sustentabilidade con características que os fan idóneos para construír e habilitar diferentes tipos de solucións en arquitectura e decoración de interiores.

Para completar esta visión cun enfoque máis amplo, a empresa Materially mostrará diversos materiais de orixe internacional que constitúen novas propostas para o deseño de interiores e as súas esixencias de cumprimento de elevadas calidades de confort acústico, térmico ou visual.

Durante este workshop será presentado tamén o Certame de Materiais Innovadores de Galicia, unha nova iniciativa coa que se busca recoñecer os mellores proxectos de creación de novos materiais con selo galego.

PROGRAMA

10.30 - 10.40 h	<b>Presentación da xornada e do Certame de Materiais Innovadores de Galicia</b> Patricia Argerey. Directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN)
10.40 - 10.50 h	<b>Importancia da innovación na segunda transformación da madeira para o contract</b> José Ignacio Lema. Director da Axencia Galega da Industria Forestal (XERA)
10.50 - 11.00 h	<b>Apoio a un sector contract sostible</b> Guillermo Viña. Subdirector da Área de Internacionalización do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).
11.00 - 11.15 h	<b>Materiais para o illamento acústico de interiores</b> Marta Miralles. Vertifil
11.15 - 11.25 h	<b>Valorización de cinzas para a ecoconstrución de obra civil e edificación (Proxecto Conecta Peme Cenicienta)</b> Javier Prego. Extraco
11.25 - 11.35 h	<b>Proxectos de formigóns con residuos de mexillón</b> Belén González. Grupo de Construción da Universidade da Coruña (UDC)
11.35 - 11.50 h	<b>Aplicacións de materiais innovadores á arquitectura singular (Proxecto KrEaTive)</b> Raquel Ledo. Centro Tecnolóxico da Automoción (CTAG)
11.50 - 12.20 h	<b>Selección de materiais sostibles para o contract</b> Unai Etxebarria e Iker Agirre. Materially
12.20 - 12.30 h	<b>Preguntas, conclusións e peche da xornada</b>